

Notas sobre o pensamento e a presenza internacional do sindicalismo nacionalista galego

Xesús Ramón González Boán

A Florival Lança, Valentín Pacho, Liu Naili, Eduardo Estévez, Eduardo García e Leonel González, compañeiros no traballo e amigos.

1. Introducción

O proceso de recuperación da identidade nacional galega, aínda en marcha, non vai comezar ata mediados do século XIX. Hai bastante coincidencia en situar os seus inicios arredor da cuarta década dese século baixo a forma do movemento político-cultural coñecido como *provincialismo*. Etapas posteriores da recuperación nacional bautizadas de *federalismo* e *rexionalismo* darán paso ao *galeguismo* que vai supor un salto cualitativo nas formulacións ideolóxicas, nas formas organizativas e na actuación política. O primeiro Estatuto de Autonomía de Galiza será a máis importante pegada, simbólica e política, que o galeguismo deixou na historia galega.

Un século despois do inicio do *provincialismo* os avances producidos na recuperación nacional e a penetración na sociedade galega son innegábeis. Mais o golpe militar franquista de 1936, a guerra civil que provoca e a represión desatada van esfarelar cen anos de esforzos continuados. A morte, o exilio ou a cadea poñerán un punto e aparte nun proceso que, aínda non sendo lineal, gañaba paulatinamente espazos no imaxinario colectivo.

Un novo impulso vai ser dado nos primeiros anos 60 coa formación de organizacións políticas clandestinas de pensamento marxista, socialista e comunista, que preconizan abertamente o dereito de autodeterminación para a nación galega. Son as primeiras formacións partidarias do *nacionalismo* galego, transcorridos 125 anos desde que Faraldo e Solís reivindicaran a “Provincia Galega”.

En paralelo a este proceso político, e alimentándose mutuamente, deuse un espectacular florecemento literario da lingua galega e un impresionante espertar das ciencias humanas e sociais aplicadas ao estudo de Galiza, tales como a xeografía, historia, etnografía...

Neste proceso, as organizacións sindicais estiveron ausentes ata datas ben recentes. De maneira semellante ao que ocorreu no Estado español, o movemento sindical na Galiza estivo monopolizado desde os seus inicios a finais do século XIX e ata 1936, polas correntes ideolóxicas socialista e anarquista. Ambas as dúas se reclamaron sempre como españolas, ou ibéricas en certos sectores anarquistas, e,

consecuentemente co seu pensamento ideolóxico e práctica política, adoptaron formas organizativas que abarcaban a totalidade do Estado. De igual maneira, o movemento sindical clandestino de inspiración maioritariamente comunista levantado durante a ditadura franquista polo PCE, ignorou a realidade nacional galega.

Non será ata os inicios da década dos 70 que se crean as primeiras organizacións sindicais que se identifican como galegas. Núcleos de traballadores e traballadoras organizados polas forzas políticas nacionalistas ou escindidos dos sindicatos españois van agrupándose en xermes sindicais na industria, no mar, na banca e nos servizos públicos (administración, sanidade, ensino). No ano 1977 conflúen todos eles no que será a primeira central sindical da historia de Galiza: a ING (Intersindical Nacional Galega). Nos anos seguintes a ING incorpora diversos colectivos e sindicatos, muda de nome varias veces, e consolídase como central sindical co nome de INTG (Intersindical Nacional de Traballadores Galegos). O proceso continuamente ascendente do sindicalismo nacionalista sofre un grave tropezo coa ruptura da central sindical en 1985, dando orixe á CXTG/IN (Confederación Xeral dos Traballadores Galegos/Intersindical Nacional).

Nove anos máis tarde, e logo de varios anos de traballo unitario baixo o nome de Convergencia Intersindical Galega, o sindicalismo nacionalista se reunifica en Santiago de Compostela o 19 de marzo de 1994 creando a CIG (Confederación Intersindical Galega): “A Convergencia Intersindical Galega, que nacera como unha alianza de organizacións sindicais nacionalistas o 2 de abril de 1990, decide hoxe, libre e soberanamente, converterse nunha única Central Sindical, co obxecto de dotar aos traballadores e traballadoras de Galiza dun mellor instrumento, eficaz e poderoso, co que confrontaren os duros retos que nos agardan nos próximos anos”⁽¹⁾. Os sucesivos congresos da central (celebrados en 1997, 2001 e 2005) estableceron principios, obxectivos e liñas de traballo encamiñadas a facer realidade esa declaración.

Seis ideas forza inspiraron a formación da nova organización. A CIG como expresión sindical da vontade maioritaria dos traballadores e traballadoras de Galiza; como aspiración ao avance substantivo do nivel de autoorganización das traballadoras e dos traballadores galegos; como medio de crebar a hexemonía do sindicalismo estatal en Galiza; como valedora das traballadoras e traballadores galegos ante o Estado, a Unión Europea e o Capital; como contribución á nosa liberación nacional e social; como potenciación da solidariedade das traballadoras e traballadores galegos.

En 36 anos de historia, o sindicalismo nacionalista penetrou de maneira importante na clase traballadora galega. Esta capitalización expansiva é obxectivamente medíbel: no primeiro proceso electoral sindical, realizado en 1978, a ING obtivo 1.079 delegados e delegadas sindicais, que nos colocaban en terceira posición cunha representatividade do 15,11% ; no último proceso electoral rematado en dec-

(1) Congreso fundacional da CIG. Programa sindical galego.

embro de 2007, a CIG contaba con 5.628, ocupando a segunda posición co 28,62% de representatividade.

Este traballo, extraído dun estudo máis amplo que contempla o pensamento e a actividade internacional do sindicalismo nacionalista desde o seu nacemento, vaise centrar exclusivamente na etapa correspondente á CIG, é dicir: de 1994 ata hoxe.

2. O internacional nos principios e obxectivos da CIG

Ao igual que as organizacións que lle deron orixe, a CIG é plenamente consciente de que, no momento histórico actual, Galiza non é un territorio soberano senón que está integrado en espazos políticos de ámbito territorial superior: no Estado español, e a través deste, na Unión Europea. A consecuencia máis inmediata é a de que a maior parte do corpus lexislativo que se aplica aos traballadores galegos, e ao conxunto da sociedade, ten a súa orixe en instancias lexislativas e políticas situadas nas capitais española (Madrid) ou europea (Bruxelas).

Mais tamén hai outros centros de decisión, económicos e políticos, de localización difusa como corresponde a unha etapa da historia na que o capitalismo como modelo económico-social se vale do soporte das tecnoloxías da información e das facilidades de desprazamento para “deslizar” de maneira habitual os epicentros das tomas de decisión. Nunha economía completamente globalizada na que as decisións tomadas en calquera parte do mundo poden ter consecuencias inmediatas nas rexións máis apartadas, a pretensión de se situar á marxe é completamente ilusoria.

A constatación destes feitos e as consecuencias que dela se derivan non son obviados no congreso fundacional: “A CIG como valedora dos traballadores e traballadoras galegas ante o Estado, a Unión Europea e o Capital. Porque moitas das decisións económicas e políticas que nos afectan superan o marco de Galiza e parten de Madrid, de Bruxelas ou de centros de poder económico, en consecuencia alí teremos que estar defendendo os nosos intereses e reivindicando os medios e solucións necesarios para incrementar as cotas de progreso e benestar de Galiza e os seus traballadores. E para esta tarefa non nos serven representantes nin delegados alleos; nós mesmos debemos ter a competencia, capacidade e decisión para mellor cumprir con ese obxectivo”⁽²⁾.

Hai outra razón de fondo para xustificar a presenza da CIG no espazo internacional. A procura dunha sociedade sen clases nun mundo de economías tan intimamente interconexiónadas esixe que os traballadores e traballadoras, e as súas organizacións, creen lazos e participen de espazos comúns de intervención a escala supranacional, continental e mundial. Por iso a confederación, desde o seu nacemento establece: “A CIG como potenciación da solidariedade internacional das tra-

(2) Congreso fundacional da CIG. Programa sindical galego.

balladoras e dos traballadores galegos. Porque, en definitiva, todos os traballadores e traballadoras do mundo estamos obxectivamente interesados na mellora das nosas condicións de vida e de traballo, na procura dunha sociedade sen clases, e porque cada vez máis problemas esixirán loitas e esforzos compartidos cos traballadores e traballadoras doutras latitudes. A mundialización das decisións económicas obriga a crearmos un firme contrapunto na propia internacionalización e coordinación das respostas sindicais”⁽³⁾.

3. As relacións internacionais

Desde a súa creación a CIG mantivo unha preocupación constante polas relacións internacionais, dedicando sempre un ou varios apartados dos documentos congresuais a determinar que organismos teñen competencias nesta materia, fixar liñas estratéxicas e dar orientacións prácticas.

Así, o primeiro congreso decide que “as relacións coas internacionais sindicais serán decididas polo Consello Confederal”⁽⁴⁾. A afiliación a unha internacional deberá ser aprobada polo Congreso a proposta do Consello Confederal”⁽⁵⁾. Catro anos máis tarde, o congreso retíralle ao Consello Confederal, de maneira implícita, a capacidade de proposta ao resolver simplemente que “as afiliacións da CIG a centrais sindicais internacionais ou rexionais serán decididas polo Congreso”⁽⁶⁾.

Para o traballo diario, os estatutos aprobados no congreso fundacional establecen que a Executiva Confederal ten, entre outras, as competencias en “relacións exteriores e interiores”⁽⁷⁾. No plano organizativo, a responsabilidade directa recaeu na Secretaría de Relacións Internacionais. A partir do segundo congreso desaparece esta secretaría e créase un departamento de Relacións Internacionais e Cooperación que, na actualidade, depende directamente da Secretaría Xeral.

Da unificación do sindicalismo nacionalista na CIG, cuns principios, fins e obxectivos colectivamente elaborados, discutidos e asumidos non debe tirarse a conclusión de que a CIG é un todo ideoloxicamente homoxéneo e politicamente uniforme. Pola contra, de igual modo que nas organizacións orixinarias, na CIG coexisten persoas, grupos e tendencias de moi variada adscrición ideolóxica, política e, mesmo, partidaria.

Esta heteroxeneidade na composición afiliativa e nos órganos de dirección ten implicacións de moi variado orde que se visualizan de maneira máis nidia nos sucesivos congresos mediante a presentación de varias candidaturas que aspiran a

(3) Congreso fundacional da CIG. Programa sindical galego.

(4) O Consello Confederal da CIG está constituído por algo máis de cen membros en representación de todas as estruturas sectoriais e territoriais. É o máximo organismo entre congresos e reúnese, cando menos, dúas veces por ano.

(5) Congreso fundacional da CIG. Programa e obxectivos da CIG. Anexo.

(6) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(7) Congreso fundacional da CIG. Estatutos da CIG.

dirixir a central. Heteroxeneidade que se reflicte tamén nas diferentes posicións, individuais ou de grupo, arredor da orientación que debe darse ás relacións internacionais ou da afiliación internacional da CIG.

No momento en que se funda a CIG existen tres internacionais sindicais, que de maneira un tanto simplificada reproducen no plano sindical as políticas de bloques establecidas ao finalizar a segunda guerra mundial: a FSM (Federación Sindical Mundial), con orientación comunista, en proceso acelerado de esmorecemento como consecuencia do abandono do “socialismo real” por parte dun gran número de países de Europa, África e Asia; a CIOSL (Confederación Internacional de Organizacións Sindicais Libres), militantemente anticomunista que aumenta espectacularmente a súa afiliación ao incorporar moitas das organizacións que abandonan a FSM; e a CMT (Confederación Mundial do Traballo), de clara adscrición socialcristiá con forte implantación nos países do terceiro mundo.

Por aquel entón, hai dentro da CIG dúas liñas diverxentes. Unha delas entende que a CIG debería ter afiliación internacional optando pola CMT, organización coa que hai importantes puntos de confluencia (rexeite do capitalismo como sistema económico-social, solidariedade co Terceiro Mundo, antiimperialismo...). A outra liña, facendo fincapé nas coincidencias ideolóxicas, defende a FSM como referencia internacional.

Os dous sectores comparten a idea que a afiliación internacional non pode ser impedimento para a creación da CIG e resolven o tema acordando estender as relacións a todas as opcións existentes, dando continuidade a unha práctica xa establecida, polo que “a CIG manterá [...] relacións bilaterais amplas e plurais coas organizacións sindicais de carácter nacional e internacional, baixo principios de solidariedade e internacionalismo e sobre a base da soberanía e independencia propias. Particularmente con aquelas que nos son máis próximas e coas que temos unha afinidade programática, política ou de acción sindical”⁽⁸⁾.

O segundo congreso introduce unha nova liña directriz. A partir dela, a CIG aplicase á tarefa de dar a coñecer a globalidade de Galiza e non só os aspectos laborais ou sindicais; é unha modificación importante porque dá unha dimensión diferente ao traballo internacional facéndoo máis político e multifacético. A novidade no está tanto na ampliación das tarefas, senón en incorporar congresalmente unha tarefa que xa se viña aplicando de maneira habitual: “As relacións internacionais baséanse así mesmo no interese por divulgar a problemática política e social de Galiza e dos traballadores e traballadoras galegos/as.”⁽⁹⁾.

Catro anos máis tarde a mesma orientación é obxecto dun parágrafo específico: “Activar a nosa participación en foros, manifestacións e calquera tipo de actos que non contradigan os nosos principios, e podamos contribuír a dar a coñecer a nosa problemática e alternativas, da clase traballadora galega e de Galiza”⁽¹⁰⁾.

(8) Congreso fundacional da CIG. Programa e obxectivos da CIG. Anexo.

(9) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(10) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

A vontade permanentemente expresada de ter unha política internacional aberta e respectuosa con todas as expresións do movemento sindical non sempre tivo a correspondente receptividade por parte dos interlocutores externos. Como en calquera relación, o diálogo e o recoñecemento necesitan a implicación de todas as partes, non sendo suficiente a vontade explícita dunha delas.

Hai factores políticos e sindicais, externos e internos, que explican esta situación. En primeiro lugar está o feito de que Galiza, sendo unha nación, non ten estado propio. Esta constatación, de carácter obvio, é para algunhas organizacións unha barreira o suficientemente forte como para non considerar de interese as relacións bilaterais coa CIG. Moitas centrais sindicais con pleno recoñecemento en todos os foros internacionais están moi lonxe de ter a afiliación da CIG (que empeza o 2008 moi preto dos 70.000 cotizantes nun proceso plurianual de continuo crecemento); bastantes outras teñen unha representatividade substancialmente inferior á da CIG (28,62%) nos seus ámbitos territoriais; un número importante teñen presenza en espazos xeográficos de inferior extensión ca o galego... Pero todas elas teñen en común ter como ámbito de actuación o estado ao que pertencen e por iso son automaticamente recoñecidas sen importar afiliación, representatividade ou tamaño.

Un segundo factor que dificulta o labor internacional da CIG é a oposición e boicot permanente e obsesivo ao que é sometida a CIG nos ámbitos internacionais polas dúas centrais máis representativas do Estado español. Se delas dependese, a CIG sería permanentemente excluída de calquera foro, encontro ou actividade de carácter internacional bilateral ou multilateral. Infelizmente, as relacións de exclusión e dominio, as imposicións e os vetos, están aínda moi presentes nas relacións sindicais internacionais.

No mundo hai varias decenas de organizacións sindicais de territorios sen Estado que teñen conseguido o recoñecemento, que ninguén discute, tanto no plano bilateral como no multilateral. Por poñer só un exemplo por continente podemos citar a ELA de Euskadi, CSN de Quebec, HKCTU de Hong-Kong e ZATUC de Zanzíbar. A CIG, a non tardar, estará entre elas.

O relatorio base do segundo congreso da fe desta realidade de maneira explícita e directa: “O desexo de ter unhas relacións internacionais a todos os niveis bate con dous atrancos evidentes: por unha banda ser Galiza un país sen Estado e dependente; e por outra, que as organizacións estatais manteñen unha postura de oposición á nosa presenza en determinados foros internacionais”⁽¹¹⁾.

Por ser Galiza unha nación europea, as prioridades internacionais da CIG diríxense cara ese continente. O congreso de fundación é taxativamente claro a este respecto: “A CIG, conforme co establecido nos principios e Bases Programáticas, acorda desenvolver en materia de Relacións Internacionais a presente resolución:

Primeiro: A CIG considera como un principio básico irrenunciábel a presenza do sindicalismo galego en todos os foros, especialmente os europeos, con re-

(11) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

presentación sindical; particularmente, no Comité Económico e Social e [...] naqueles que se circunscriben no ámbito da OCDE. Neste sentido, a CIG propiciará accións encamiñadas a alcanzar a súa plena integración na Confederación Europea de Sindicatos (CES)”⁽¹²⁾.

A participación da CIG no Comité Económico e Social español debería ser completada coa presenza no Comité europeo, por iso “reitera, no ámbito das institucións internacionais, a nosa demanda de participación de pleno dereito no Comité Económico e Social da Unión Europea”⁽¹³⁾.

A idea de pertenza a Europa e a necesidade de actuar sindicalmente neste espazo está permanentemente presente e será recollida polos sucesivos congresos da confederación: “Potenciar as relacións cos sindicatos europeos, cos que compartimos un entorno xeográfico e político, tanto por medio de contactos bilaterais como en congresos e conferencias, moi especialmente coa CES (Confederación Europea de Sindicatos)”⁽¹⁴⁾. O mesmo congreso reitera: “Especial atención ao traballo naquelas áreas onde a nosa presenza está menos consolidada: Europa... por ser espazo xeográfico no que estamos inmersos”⁽¹⁵⁾.

Europa é, loxicamente, o espazo xeográfico prioritario no que a CIG quere desenvolver a súa actividade internacional, pero polas razóns antes apuntadas é tamén o lugar onde a presenza é máis débil. Razóns de proximidade e de relacións históricas fan que as presións das dúas centrais españolas antes aludidas sexan moito máis eficaces, non só sobre as organizacións nacionais senón tamén sobre a CES (Confederación Europea de Sindicatos). Esta obsesión excluín-te, raiando coa paranoia, exércese en canto lugar ou organismo esiximos, por considerarmos que temos dereito a elo, a nosa presenza: Comité Económico e Social Europeo, Comités de Empresa Europeos, Consello Sindical Interrexional Galiza-Norte de Portugal...

A pesares disto, aos poucos, a CIG vaise facendo valer e hoxe ten relacións con confederacións de Bélxica, Chipre, Francia, Polonia, Portugal e Suíza. Moi pouco no conxunto de Europa, mais un principio prometedor a medio prazo.

Tanto no congreso fundacional como no II congreso da CIG, a CES delegou a súa representación nas dúas centrais españolas xa citadas. Non ocorreu así no III congreso e o informe da Executiva Confederal facía referencia a elo: “Durante o período de xestión do que informamos, temos consolidado a nosa presenza internacional e solidaria. Nunhas condicións difíciles, como sempre, por un par de motivos: as nosas limitacións financeiras e o feito de representar á clase traballadora dunha nación sen Estado propio. A elas hai que engadir unha especial preocupación por parte dalgunha central sindical de ámbito estatal en pecharnos todas as portas ó seu alcance, cunha actitude certamente insolidaria que xa vai raiando na pura persecu-

(12) Congreso fundacional da CIG. Programa e obxectivos da CIG. Anexo.

(13) II congreso da CIG. Informe da Executiva Confederal.

(14) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(15) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

ción. Seguramente a isto non é allea a non presenza da Confederación Europea de Sindicatos nas sesións deste noso III Congreso”⁽¹⁶⁾.

No ano 2000, a CIG participa por primeira vez nunha euromanifestación. Será na cidade portuguesa de Porto, cara onde se desprazaron 2.000 traballadores e traballadoras afiliadas na central para acompañar aos 50.000 manifestantes chegados de toda Europa. Posteriores euromanifestacións en Niza, Barcelona e Bruxelas contaron coa participación activa da CIG. O informe da Executiva Confederal presentado ao III congreso fai referencia expresa ás dúas primeiras marchas: “É de destacar, por terse producido por vez primeira, a participación da CIG nas mobilizacións pola Europa Social e o emprego que a CES convocou en Porto e Niza, gratamente recoñecida en ambos casos e particularmente masiva na primeira delas”⁽¹⁷⁾.

Tamén no marco das iniciativas da CES en contra da “directiva Bolkestein”, a cidade d’A Coruña foi escenario dunha manifestación organizada pola CIG con presenza da CGTP/IN de Portugal.

O último congreso celebrado pola CIG constata os avances realizados e ratifica a liña de traballo seguida ata entón: “Año tras ano, a CIG afianza a súa presenza no ámbito internacional ao tempo que accede a novos escenarios nos que estaba ausente. Europa, Latinoamérica, Área Lusófona e Mediterráneo Árabe constitúen as catro áreas que centran a maior parte da nosa actividade. O cada vez maior número de iniciativas nas que participamos é un reflexo do afianzamento e do incremento da nosa presenza internacional. Este congreso reafirma a devandita liña de traballo para os vindeiros catro anos”⁽¹⁸⁾.

Latinoamérica, tal como recolle o parágrafo precedente pertencente aos documentos do IV congreso da CIG, é outra das áreas permanentes e preferentes da actividade internacional da CIG: “Manter decote relacións cos sindicatos de América Latina... por residiren alí uns 600.000 galegos e galegas e millóns de descendentes, coa conseguente vinculación cultural e histórica”⁽¹⁹⁾. De novo o III congreso incidirá neste mesmo obxectivo, se ben introduce algunha orientación para priorizar e facer máis rendíbel o traballo: “especialmente coas organizacións sindicais coas que temos máis coincidencias programáticas, de concepción político-sindical e de acción sindical”⁽²⁰⁾.

Ao contrario que en Europa, pódese afirmar que a CIG mantén relacións bilaterais, con distintos niveis de intensidade, coa práctica totalidade do sindicalismo iberoamericano. Organizacións sindicais de Arxentina, Bolivia, Brasil, Chile, Colombia, Cuba, Guatemala, México, Panamá, Paraguai, Perú, Uruguai e Venezuela teñen relacións normais e fluídas coa CIG. Son organizacións que abarcan todo o abano das afiliacións internacionais e, nalgún caso, independentes.

(16) III congreso da CIG. Informe da Executiva Confederal.

(17) III congreso da CIG. Informe da Executiva Confederal.

(18) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

(19) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(20) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

4. As internacionais sindicais

Xa deixamos constancia de que as organizacións que confluíron na CIG consideraron que as diferentes opcións de adscrición internacional non deberían ser un obstáculo no camiño da unificación. Por iso, no congreso fundacional optaron por manter unhas relacións internacionais amplas e plurais, na perspectiva da solidariedade e do internacionalismo, baseadas na independencia e na soberanía de cada un. Decidía tamén o congreso dar prioridade a aquelas organizacións coas que houbo máis confluencias programáticas, políticas ou de acción sindical.

Esta política de relacións amplas será referendada no congreso seguinte, lembrando que o internacionalismo e a solidariedade son os alicerces da política internacional da confederación: “Desde a Confederación Intersindical Galega seguiremos a potenciar a nosa presenza en todos, os foros internacionais, baixo os principios da solidariedade e o internacionalismo, e sobre a base da soberanía e independencia propias, mantendo unhas relacións amplas e plurais coas organizacións de carácter nacional e internacional, enfatizando as relacións con aquelas que teñan máis proximidade ou afinidade programática, política ou de acción sindical”⁽²¹⁾. A directriz de facer fincapé nas relacións coas organizacións de máis “proximidade ou afinidade” non encerra ningunha exclusión e por se houbo algunha dúbida o mesmo documento explicita unhas liñas máis adiante que a CIG debe: “manter as máximas relacións posibles con todas as internacionais sindicais existentes”⁽²²⁾.

En aplicación destes criterios a CIG deu continuidade ás relacións que xa viñan mantendo a CXTG/IN e a INTG tanto coa CMT (Confederación Mundial do Traballo) como coa FSM (Federación Sindical Mundial). As dúas internacionais foron sempre receptivas ás posicións sindicais e políticas da CIG e respectuosas coas sucesivas resolucións congresuais de manter a non afiliación.

A CIG, desde a súa fundación, participou como convidada en todos os congresos da CMT (1997 Bangkok, 2001 Bucarest, 2005 Houfalize) e da FSM (1994 Damasco, 1999 Nova Delhi, 2005 A Habana). De igual modo, as dúas internacionais asistiron sempre aos congresos da CIG. É preciso sobrancear tamén a especial relación que houbo sempre entre a CIG e a CLAT (Central Latinoamericana de Trabaxadores, organización rexional da CMT en Latinoamérica), que prestou á CIG inestimábeis apoios.

Pola contra, as relacións coa CIOSL (Confederación Internacional de Organizacións Sindicais Libres) nunca pasaron dun nivel exploratorio. Despois dunha reunión en Bruxelas e unha mensaxe de saúdo ao II congreso, nunca máis houbo contactos nin posibilidade de retomalos de maneira oficial.

O terceiro congreso deixaba constancia destes feitos sinalando que “a CIG estivo sempre aberta a manter relacións con todas as internacionais: FSM, CMT e

(21) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(22) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

CIOLS. Ata o de hoxe estas son frecuentes e cordiais coa CMT e FSM, ao que sen dúbida contribúe os principios antiimperialistas de ambas as dúas confederacións sindicais internacionais. A nosa postura é a de afondar no futuro estas relacións porque coidamos que é fundamental erguer foros de debate e coordinación internacionais na loita contra a globalización e as políticas neoliberais, así como na defensa do dereito á autodeterminación dos pobos”⁽²³⁾. No discurso que clausura do congreso, o secretario xeral electo renova “Ante (o) panorama nacional e internacional, desde o noso compromiso coa loita por unha orde económica nova, desde o noso firme compromiso coa defensa dos dereitos e intereses do pobo galego e das súas clases traballadoras, reafirmámonos... na nosa disposición a seguir apoiando e participando en todos aqueles foros e mobilizacións de carácter internacional, de oposición ao actual modelo económico e social propiciado polo imperialismo a nivel mundial”⁽²⁴⁾.

En 2004, ano do cuarto congreso, a maior parte do planeta seguía inmerso no neoliberalismo capitalista, pero xa comezaban xurdir, especialmente en Latinoamérica, gobernos elixidos democraticamente que cuestionaban o discurso único e os paradigmas nucleares da globalización neoliberal. No terreo do sindicalismo internacional están sentándose as bases dunha profunda reorganización que pretende construír un instrumento máis eficaz e potente. A CIG aproveita o seu congreso para reafirmarse nas teses da necesidade de opoñer o internacionalismo sindical ao internacionalismo económico, declarando que “os principios que inspiran o modelo de globalización neoliberal están a ditar as normas polas que se rexen o comercio, as formas de produción e a economía internacional. Fronte a esta internacionalización, o movemento sindical está obrigado a intensificar as relacións bilaterais e multilaterais baixo a dupla premisa de solidariedade e respecto mutuo”⁽²⁵⁾. En consecuencia “a CIG ratifícase nas anteriores decisións congresuais de manter con todas as internacionais sindicais, priorizando a FSM e a CMT, ao que sen dúbida contribúen os seus principios antiimperialistas”⁽²⁶⁾.

No ano 2006, a cidade de Viena serviu de escenario para a creación da CSI (Confederación Sindical Internacional), nacida dunha fusión entre a CIOSL e a CMT á que se sumaron varias organizacións sen afiliación internacional previa.

A CIG fixo un seguimento pormenorizado deste proceso, cuxa relevancia foi subliñada no último congreso: “A CIG, como central sindical non afiliada, seguirá con moita atención os distintos pasos que se están a dar no plano internacional. En relación á creación dunha nova internacional sindical será decisivo na nosa avaliación final que esta se constrúa sobre os principios de pluralidade e democracia interna, de respecto á soberanía nacional dos pobos e que defenda os dereitos da clase traballadora.”⁽²⁷⁾.

(23) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(24) III congreso da CIG. Discurso de clausura do secretario xeral.

(25) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

(26) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

(27) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

Nas conversas previas á creación da nova Organización, as internacionais que a impulsaron crearon un “Comité de Enlace” que agrupaba ás centrais sindicais independentes interesadas en coñecer de cerca o proceso unificador sen que a pertenza a este Comité presupuxese unha posterior afiliación. A CIG solicitou formalmente e por escrito ser admitida nel, mais non o conseguiu. Consultados varios dirixentes responsábeis do proceso de creación da CSI e numerosas organizacións, todas as respostas recibidas resultaron unánimes na aseveración de que “o veto explícito e permanente” de dúas organizacións españolas impedían a aceptación da CIG no Comité de Enlace.

Paradoxalmente, a obsesión por cortarlle o paso, estalle abrindo moitas portas á CIG. Nalgúns casos por curiosidade e na maioría por desconformidade coa prepotencia e a existencia de vetos, moitas organizacións estanse aproximando á CIG para coñecela sen intermediacións e aproveitando para amosarlle, “de ser necesario”, o seu apoio.

Fronte ao escenario sindical internacional, case estático, que se daba nos catro congresos anteriores, o V congreso da CIG a celebrar no 2009, vaise dar cun mapa sindical internacional moi diferente caracterizado pola “refundación” da FSM no congreso do 2005 n^a Habana, pola creación da CSI no 2006 e polo maior protagonismo internacional do sindicalismo chinés por medio do “Foro de Beijing”.

5. O espazo sindical lusófono

A lingua galega é o signo externo máis evidente da nosa identidade nacional. Séculos de dominación política, económica e cultural non conseguiron facela desaparecer, aínda que é facilmente constatábel que non se atopa no mellor momento da súa historia. O congreso fundacional reconece que Galiza é unha nación dependente no político e no económico, mais tamén culturalmente pódose isto de manifesto “na existencia dun idioma propio moi lonxe aínda da súa completa normalización a todos os niveis”⁽²⁸⁾. Por iso a CIG, como expresión organizada da clase traballadora galega, comprometeuse desde o seu nacemento a “pular pola completa normalización lingüística do idioma propio de Galiza”⁽²⁹⁾.

A normalización social da lingua é un obxectivo permanente da CIG renovado en todos os congresos e incorporado aos estatutos: “A CIG ten como única lingua a galega, defendéndoa como lingua oficial de Galiza e asumindo o compromiso de contribuir á súa normalización”⁽³⁰⁾. En relación á existencia de diversas normativas, oficiais ou non, para a escrita da lingua, a CIG non se pronuncia a prol de ningunha delas e “respecta o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación”⁽³¹⁾.

(28) Congreso fundacional da CIG. A nosa realidade nacional: algúns aspectos básicos.

(29) Congreso fundacional da CIG. Obxectivos e principios fundacionais da CIG.

(30) II congreso da CIG. Estatutos: Título I. Da definición, ámbito e obxectivos. Artigo 6.

(31) Congreso fundacional da CIG. Principios de carácter xeral.

O último congreso da CIG faise eco do retroceso no uso do galego na sociedade e proclama o seu compromiso de incrementar os esforzos normalizadores, non só entre a afiliación, senón tamén no conxunto da sociedade: “a CIG redobrará os seus esforzos en prol do noso idioma e cultura, na procura dunha maior extensión do proceso de normalización lingüística e cultural, tanto no mundo laboral como no conxunto da nosa sociedade”⁽³²⁾.

O compromiso coa normalización lingüística vai adoptar moitas facetas: utilización exclusiva do galego nos materiais elaborados, sexan escritos, audiovisuais ou na rede; creación dun departamento de normalización; impartición de cursos de galego; edición de materiais coa normativa oficial da escrita...

A CIG tivo sempre presente que o compromiso coa lingua é un compromiso coa identidade, a historia e a cultura de Galiza. Por iso, manifestou reiteradamente o seu interese en privilexiar as relacións sindicais coas organizacións dos países que comparten a mesma lingua conformando un espazo lusófono con presenza en todos os continentes.

A partir do II congreso serán constantes as referencias a Portugal: “priorizar as relacións a todos os niveis con Portugal, onde máis que falar de relacións internacionais estamos ante intercambios entre pobos irmáns, con culturas e linguas moi semellantes...”⁽³³⁾. O último congreso insiste novamente en que “as relacións da CIG co sindicalismo portugués continúan a ser un obxectivo preferente de actuación”⁽³⁴⁾.

Con moita lentitude, pero con pasos firmes, a CIG e a CGTP/IN foron derrubando valados e desfacendo os murmurios maledicentes. O coñecemento mutuo e directo, sen intermediarios, a seriedade no traballo sindical, as amplas coincidencias na análise e na práctica sindical... foron tecendo unha rede de colaboración e apoio que se vai estendendo moi solidamente tanto ao nivel confederal como nas diversas federacións.

Un paso significativo deuse a finais de decembro do 2006, cando os secretarios xerais da CIG e da CGTP/IN asinaron en Braga un protocolo de colaboración entre as dúas confederacións contemplando a asistencia xurídica mutua para a afiliación de cada central, consultas en temas internacionais, actividades conxuntas de cooperación para o desenvolvemento en terceiros países...

Sendo importante para a CIG as relacións con Portugal, “esta relación debe ser especialmente fluída co norte de Portugal, dada a proximidade que se dá en todos os aspectos”⁽³⁵⁾. A creación da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal e o establecemento por parte da CES do Consello Sindical Inter-rexional Galiza-Norte de Portugal confírelle un valor estratéxico ás relacións sindicais entre as organizacións das dúas beiras do Miño. É por iso que “compre insistir na necesidade de dar pulo as relacións Galiza-Norte de Portugal no plano sindical que nos é propio. A eurorrexión

(32) IV congreso da CIG. Documento base. Normalización do idioma e cultura nacionais.

(33) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(34) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

(35) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

que se está construíndo a partir da superación das fronteiras interiores da Unión Europea é para nós do maior interese, tanto político como socioeconómico. Reclamamos, neste sentido, a nosa presenza no Consello Sindical Inter-rexional Galiza-Norte de Portugal, co status que corresponda ao non sermos organización sindical integrada na CES, rematando cunha situación de exclusión inexplicábel en termos de representatividade do movemento sindical galego”⁽³⁶⁾. Catro anos despois séguese a reclamar a “presenza da CIG no Consello Sindical Inter-rexional Galiza-Norte de Portugal, como obxectivo preferente”⁽³⁷⁾.

A CIG fixo unha solicitude formal para integrarse no CSI Galiza-Norte de Portugal, aínda non sendo membro da CES-Confederación Europea de Sindicatos pois hai precedentes dabondo de organizacións sindicais (entre elas a CGTP/IN e CCOO) que se integraron nos respectivos CSI moito antes de ser membros da CES. Mais, de novo, os profesionais do veto impediron que a CIG, polo momento, forme parte desta estrutura sindical.

A lusofonía como espazo cultural internacional esténdese polos continentes americano, africano e asiático. As ex-colonias portuguesas son hoxe estados independentes, agás Macau, que utilizan a lingua galaico-portuguesa como lingua oficial.

A semellanza das organizacións sindicais das ex-colonias inglesas, que crearon hai bastantes anos unha “comunidade sindical” e as ex-colonias francesas que fixeran outro tanto, os países que no pasado foran colonias portuguesas constituíron tamén a súa internacional sindical específica denominada CSPLP-Comunidade Sindical dos Países de Lingua Portuguesa.

Un ano antes da constitución da CSPLP en 1998, a CIG expresaba a vontade de “manter decote relacións cos sindicatos de África de lingua portuguesa... por motivos lingüísticos”⁽³⁸⁾.

Fundada en Lisboa no 1998, a CSPLP está integrada na actualidade por 17 centrais sindicais de Angola, Brasil, Cabo Verde, Galiza, Guiné-Bissau, Macau, Mozambique, Portugal, San Tomé e Príncipe e Timor Leste⁽³⁹⁾.

Desde a súa creación, a CSPLP marcouse tres obxectivos xerais:

1. Crear un espazo de diálogo e intercambio de informacións entre as organizacións sindicais membros.

(36) II congreso da CIG. Informe da Executiva Confederal.

(37) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(38) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(39) **Angola** (CGSILA: Central Geral de Sindicatos Livres e Independentes de Angola, UNTA-CS: União Nacional dos Trabalhadores Angolanos), **Brasil** (UGT: União Geral dos Trabalhadores, CUT: Central Única dos Trabalhadores, FS: Força Sindical), **Cabo Verde** (CCSL: Confederação Caboverdiana de Sindicatos Livres, UNTC-CS: União Nacional dos Trabalhadores de Cabo Verde), **Galiza** (CIG: Confederación Intersindical Galega), **Guiné-Bissau** (UNTG: União Nacional dos Trabalhadores da Guiné), **Macau** (ATFPM: Associação dos Trabalhadores da Função Pública de Macau), **Mozambique** (OTM: Organização dos Trabalhadores de Moçambique, CONSILMO: Confederação de Sindicatos Livres de Mozambique), **Portugal** (CGTP/IN: Confederação Geral dos Trabalhadores Portugueses / Intersindical Nacional, UGT: União Geral dos Trabalhadores), **Sao Tomé e Príncipe** (ONTSTP-CS: Organização Nacional dos Trabalhadores de São Tomé e Príncipe, UGT/STP: União Geral dos Trabalhadores de São Tomé e Príncipe), **Timor Leste** (CSL: Confederação de Sindicatos de Timor Leste).

2. Promover accións de cooperación entre as diferentes organizacións, como un instrumento fundamental para o reforzo do movemento sindical lusófono na vía dunha mellor capacidade de intervención nos niveis nacionais e internacional.

3. Definir liñas de orientación comúns capaces de influenciar as políticas da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa, a promoción da dimensión social e do diálogo social e o desenvolvemento económico e social.

Concibida desde o seu nacemento como un espazo sindical ligado en exclusiva a Portugal e as súas ex-colonias en América, África e Asia, a entrada da CIG na CSPLP supón un cambio cualitativo importante pois dá cabida a unha organización, a CIG, que non pertence a ese espazo político. A maiores disto, a CSPLP convértese de facto nunha organización sindical internacional na que se dá a confluencia de todas as variantes lingüísticas do galego-portugués.

Inmediatamente despois da súa fundación, a CIG solicita entrar a formar parte dela aducindo a pertenza de Galiza ao espazo cultural lusófono. A resposta tardará en chegar dous anos. No congreso da CSPLP de Mozambique deciden considerar á CIG como “organización convidada”, o que non implicaba modalidade algunha de integración efectiva.

O III congreso insiste en prestar “especial atención ao traballo... (cos) países lusófonos... por sermos parte dunha Comunidade con lingua común”⁽⁴⁰⁾ e tamén “aspiramos a mudar o noso status participativo na CPLP-sindical, organización que agrupa as centrais sindicais dos países de lingua oficial galego-portuguesa”⁽⁴¹⁾.

Tanto no terceiro como no cuarto congreso a CIG aproba unha resolución específica sobre a CSPLP. O contido das resolucións expresaban perfectamente a demanda e as razóns para ela: “(a CIG) pon de manifesto, por meio desta resolución, o seu decidido interese en integrarse **plenamente** na CPLP-sindical, organización que agrupa á maior parte das Centrais Sindicais dos diferentes países de expresión lingüística no tronco común galego-portugués, en calquera das súas variantes.

A nosa Central Sindical, dentro da súa aposta decidida a prol da total normalización de usos do noso idioma, ven asumindo nas súas formulacións a identidade común do noso idioma nacional coa lingua portuguesa, hoxe espallada por todo o mundo conformando un total de case 200 millóns de falantes. De aí que valoremos moi positivamente a existencia dunha plataforma como a CPLP-sindical e a nosa participación nela, por canto esta plataforma reforza o noso papel como Central Sindical no escenario internacional, a través dun factor crucial da nosa identidade nacional como é a lingua.”⁽⁴²⁾.

(40) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(41) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(42) IV congreso da CIG. Resolucións.

O IV congreso da CSPLP celebrado en Bissau no 2006 contou xa coa presenza da CIG, que chegou en calidade de “organización convidada” e saíu como “membro observador”. Hai unha limitación na condición de observador, pois non permite votar pero no resto actúa en igualdade de condicións cos demais membros. Unha integración máis forte pasaría por ser membro efectivo, pero esta condición –de non cambiar a filosofía coa que foi creada a CSPLP– só podería acadarse cunha Galiza independente. Por esta mesma razón a ATFFPM de Macau comparte coa CIG o estatus de Observador.

6. O sindicalismo nacionalista e Euskadi, Cataluña e Canarias

Ao igual que en Galiza, os traballadores e traballadoras das outras nacións do Estado español teñen creado organizacións sindicais nacionais e de clase, como contribución ao esforzo colectivo de liberación nacional.

O sindicalismo nacionalista ten moi diferentes niveis de implantación, incidencia e representatividade; amplamente maioritario en Euskadi, con lixeiros avances en Canarias e aínda moi minoritario en Cataluña, pero todo el co obxectivo final da liberación nacional e social dos seus pobos.

Independentemente do desenvolvemento organizativo, representatividade e acción sindical de cada confederación, o estar inmersos no marco español de relacións laborais fai que todas elas, CIG incluída, teñan bastante en común desde o punto de vista político e estratéxico.

É lóxico, por tanto, que a CIG actúe “no Estado español, potenciando as relacións coas organizacións sindicais nacionais de Canarias, Cataluña e Euskadi”⁽⁴³⁾. Para a CIG a relación con estas organizacións ten o “obxectivo de concretar accións conxuntas contra todos aqueles acordos que signifiquen un recuar dos dereitos sociais e laborais e contra as agresións do Estado ás nosas comunidades nacionais”⁽⁴⁴⁾.

A relación entre as centrais nacionalistas vai moito alén de participar nos respectivos congresos confederais e sectoriais; existe unha fluída e constante comunicación, que abarca aspectos moi variados: asistencia xurídica, apoio en infraestrutura, consultas previas en negociacións, intercambio de informacións, xornadas de estudo...

Realizouse tamén algunha cimeira de sindicatos nacionalistas na que se asinaron documentos “de políticas comúns, reclamando para os nosos países competencias lexislativas en materia sociolaboral, defendendo a redución de xornada a 35 horas semanais e a instauración dunha renda básica ou salario social para as persoas sen ingresos, entre outras medidas”⁽⁴⁵⁾.

(43) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(44) III congreso da CIG. Relatorio base.

(45) III congreso da CIG. Informe da Executiva Confederal.

Non só polos bos resultados senón tamén como opción estratéxica, no último congreso “a CIG ratifica o seu especial interese no estreitamento das relacións coas centrais sindicais nacionais de Canarias, Cataluña e Euskalherria”⁽⁴⁶⁾.

7. Outras presenzas

A CIG deu continuidade á participación que as organizacións que a formaron tiñan na Conferencia Internacional do Traballo. Esta Conferencia, celebrada anualmente na cidade suíza de Xenebra, reúne aos gobernos e ás organizacións sindicais e patronais representativas dos 188 Estados membros da OIT (Organización Internacional do Traballo), axencia especializada das Nacións Unidas para as cuestións laborais.

Con cerca de 100 anos de existencia, a Conferencia anual da OIT reunida durante tres semanas elabora os Convenios Internacionais do Traballo, que unha vez ratificados polos gobernos pasan a formar parte da normativa laboral mínima de cada país. A Conferencia realiza tamén o seguimento do cumprimento dos convenios internacionais, e aínda que non ten capacidade sancionadora, os seus ditames e conclusións son estudados con moita atención polos gobernos afectados. Nesta comisión participa a CIG de maneira habitual.

No mes de xaneiro de cada ano, a localidade suíza de Davos é o escenario dunha das moitas reunións que realizan os “directores” da economía mundial para poñer en común estratexias e análises. No cambio do século un grupo de activistas e pensadores idearon unha réplica social a celebrarse nas mesmas datas na cidade brasileira de Porto Alegre. Naceron así os Foros Sociais Mundiais, con posteriores prolongacións a escala continental, rexional, nacional e local.

Os Foros sociais, hoxe en crise de identidade, nuclean ao seu redor innumerábeis organizacións da chamada “sociedade civil” que xunto con persoas a título individual razoan conxuntamente co denominador común de transformar a sociedade baixo a premisa de que “outro mundo é posíbel”.

O movemento sindical ten unha alta implicación, organizativa e participativa, nos moi variados foros sociais que se realizan polo mundo adiante. En opinión da CIG, “o movemento altermundialista aglutina no seu seo a unha chea de organizacións e grupos sociais de moi diverso tipo que se opoñen ao modelo neoliberal. Os Foros Sociais e as mobilizacións supranacionais constitúen os dous referentes públicos máis relevantes deste movemento. A CIG, que vén participando nestas actividades desde que se iniciaron, considera de grande importancia este movemento mundial e continuará coa súa participación nel.”⁽⁴⁷⁾.

En concordancia con esta posición, a CIG participou en todas as edicións, nalgunhas como panelista, do Foro Social Mundial e do Foro Social Europeo.

(46) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

(47) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

8. As federacións

A actividade, as relacións bilaterais e a afiliación internacional das diferentes estruturas sectoriais⁽⁴⁸⁾ que forman a CIG é unha competencia exclusiva de cada unha delas. Xa o era así na INTG e na CXTG, e vaise manter deste mesmo xeito desde o congreso fundacional, aínda que agora se vai implicar máis directamente e por iso “a CIG consolidará e ampliará o nivel de presenza acadado a nivel internacional polas distintas federacións que a compoñen”⁽⁴⁹⁾.

Sen abdicar do principio de autonomía, parece aconsellábel que a central no seu conxunto sexa coñecedora de maneira oficial das decisións de afiliación internacional que cada federación tome. Por iso, no segundo congreso estableceuse que “as afiliacións das federacións a organizacións internacionais serán decididas polos organismos máximos destas, e referendadas polo Consello Confederal da CIG”⁽⁵⁰⁾.

Nin Galiza como país, nin a CIG como organización teñen unha dimensión suficiente como para permitirse a dispersión de esforzos no traballo internacional. Por iso, respectando sempre as iniciativas e orientacións de cada estrutura o III congreso abordou a conveniencia de artellar internamente un espazo de encontro, posta en común e coordinación: “É necesario profundar na posta en común do traballo que desenvolvan as distintas estruturas federativas e confederais neste eido. Imponse a coordinación para facer máis rendíbel para cada unha das estruturas e para o conxunto da Confederación as distintas actividades nas que se participa...”⁽⁵¹⁾.

Esta mesma liña de traballo interna vai ser reforzada no IV congreso, que establece: “A nivel confederal potenciarase... a coordinación entre este e as distintas federacións con compromisos e responsabilidades nesta material”⁽⁵²⁾.

A autonomía de decisión federativa é unha práctica habitual na inmensa maioría das centrais sindicais do mundo. Unha consecuencia inmediata disto é que federacións dunha mesma central sindical teñan afiliacións en organizacións internacionais de diferente orientación ideolóxica. Conxunturas políticas, momentos históricos, correlación de forzas das distintas correntes internas..., moi variados son os factores que influíron neste aparentemente ilóxico mapa sectorial internacional. Con todo, nos últimos anos estase a dar unha forte harmonización das afiliacións sectoriais, en grande medida causada pola simplificación e concentración organizativa que se está a dar de xeito xeneralizado.

A CIG, e as centrais que a formaron, non escapan a este esquema, Así, cando a central se crea, varias federacións teñen xa afiliación internacional. A CIG-Cons-

(48) A CIG fundouse con 11 federacións: Administración pública; Alimentación e téxtil; Banca, aforro, seguros e oficinas; Construción e madeira; Ensino; Mar; Metal; Químicas e enerxía; Saúde; Servizos; Transporte e telecomunicacións. No ano 2005 o seu número reduciuse a nove ao crearse a FGAMT unificando as federacións de Alimentación e téxtil, Mar e Transporte e telecomunicacións.

(49) Congreso fundacional da CIG. Programa e obxectivos da CIG. Anexo.

(50) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(51) III congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(52) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

trucción e Madeira está afiliada na UIS da Construción e a CIG-Metal e a CIG-Químicas están afiliadas nunha única UIS que agrupa aos sindicatos dos sectores da enerxía, o metal a química e o petróleo. Pola súa parte, a CIG-Ensino está afiliada na IE (Internacional da Educación). É de notar, que as UIS (Unións Internacionais de Sindicatos) están na órbita da FSM, mentres que a IE pertence ao grupo das aliñadas coa xa desaparecida CIOSL.

O nivel de intervención internacional de cada unha destas tres federacións é moi desigual. Así, a CIG-Químicas participa moi activamente na vida e nas actividades da súa UIS, a CIG-Ensino e a CIG-Metal limitáanse a pagar regularmente as cotizacións e a CIG-Construción asiste regularmente ás reunións pero sen ter unha participación destacada. Tanto a CIG-Químicas como a CIG-Construción fan parte dos órganos de dirección das respectivas UIS. En maio deste ano, vaise refundar a UIS do Metal como organización específica do sector, estando previsto que a CIG-Metal participe no congreso de refundación dando continuidade a unha adscripción organizativa de moitos anos.

A CIG-Construción non mantén na actualidade unha participación moi activa na UIS, pero no seu momento organizou, na cidade de Vigo en novembro de 1997, a XII Conferencia Internacional da UITBB (siglas en francés coas que é identificada internacionalmente a UIS da Construción e a madeira) que serviu para relanzar esta organización.

Este mapa afiliativo mantívose sen alteracións ata finais de 2007, ano no que a FGAMT se afilia na FIOST (Federación Internacional de Organizacións Sindicais do Transporte) e na FITV (Federación Internacional dos Traballadores do Têxtil e Vestiario). Estas dúas organizacións sectoriais formaban parte da extinta CMT (Confederación Mundial do Traballo). No proceso de unificación internacional actualmente en curso, a FITV disolveuse para se unificar coa sectorial homóloga procedente da CIOSL. Paralelamente, as sectoriais do transporte das ex-CMT e ex-CIOSL están nun proceso, con altibaixos, que persigue tamén a unificación nunha única organización.

En definitiva, na actualidade, tres federacións da CIG (Construción, Metal, Químicas) teñen afiliación internacional nas estruturas sectoriais da FSM; unha federación e un sector (Ensino, Têxtil) pertencen a dúas organizacións na órbita da CSI, e un sector (Transporte) está nunha organización da ex-CMT en fase de discusión para crear a sectorial respectiva no entorno da CSI⁽⁵³⁾. No ámbito das federacións sectoriais da Confederación Europea de Sindicatos, dúas delas –Comité Sindical Europeo da Educación e Federación Europea do Têxtil. Vestido e Coiro– teñen entre os seus afiliados a CIG-Ensino e a FGAMT.

As catro federacións restantes –Administración pública, Banca, Saúde e Servizos–, ao igual ca confederación, non teñen afiliación internacional aínda que al-

(53) Utilizamos as palabras “entorno” e “órbita” para subliñar o feito de que as sectoriais da CSI son entidades autónomas sen vinculación orgánica con ela, mentres que na FSM –as UIS– si son orgánica e xuridicamente integrantes dela.

gunha delas, principalmente administración pública e banca, manteñan fluídas relacións bilaterais.

9. Cooperación para o desenvolvemento

A solidariedade entre organizacións de traballadores de diferentes países é unha parte consubstancial ao movemento sindical. As incipientes organizacións sindicais de ámbito internacional de finais do século XIX facían sempre referencia a que a solidariedade internacionalista debería plasmarse, entre outras formas, na necesaria axuda e apoio á aquelas organizacións con carencias económicas, organizativas e formativas. Estas teses perduraron ao longo do tempo e constitúen aínda hoxe un dos sinais de identidade da actuación sindical no espazo internacional.

A disposición da CIG a implicarse neste campo de actividade é recollida por primeira vez no II congreso: “A CIG cooperará e colaborará, dentro das súas posibilidades, con aquelas organizacións sindicais que, por motivos diversos, necesiten de tal axuda e establecerá, sempre que sexa posíbel, acordos de colaboración sobre atención e asesoramento aos afiliados e afiliadas e intercambios de experiencias sobre temas laborais ou sociais de mutuo interese”⁽⁵⁴⁾.

As primeiras experiencias da CIG serán accións esporádicas en resposta a peticións de organizacións amigas de Latinoamérica e África para atender necesidades puntuais de tipo material destinadas a suplir carencias técnicas ou a repoñer mobiliarios destruídos por accións bélicas.

Nos inicios desta década, a cooperación deixa de ser percibida como actuacións isoladas e conxunturais para ser concibida como algo permanente e sistemático que debe estar encadrado na liña político-sindical da CIG, situándoa dentro dos parámetros que orientan o conxunto da actividade internacional da confederación.

Esta posición contextualiza orgánicamente as actividades de cooperación que quedarán ligadas e adscritas á área internacional. O IV congreso referendará o encadramento organizativo e a orientación política: “A cooperación sindical internacional é expresión natural e consecuencia lóxica do internacionalismo e da solidariedade da clase traballadora. A CIG, que acaba de incorporar a cooperación ao traballo internacional, impulsará estas actividades de acordo aos mesmos parámetros que guían a súa actividade internacional”⁽⁵⁵⁾.

É importante subliñar que a CIG adxetiviza sempre a cooperación, referíndose a ela como “cooperación sindical”. Para a CIG, pois, a cooperación internacional non é unha finalidade en si mesma, nin é o obxectivo central da confederación, nin pretende converterse nunha ONG nin, evidentemente, competir con elas. Non é o seu campo de actividade, nin ten intención de convertelo en actividade central. Por

(54) II congreso da CIG. Relatorio base. Relacións Internacionais.

(55) IV congreso da CIG. Documento base. Relacións Internacionais e Cooperación.

iso, a CIG actúa sempre en resposta a iniciativas e peticións de orixe e destinatario sindical, non tomando a iniciativa, senón atendendo a necesidades obxectivas do movemento sindical nos países nos que actúa e previa petición deste.

En concordancia coas orientacións da política internacional, as actuacións realizadas nos últimos anos abarcan o espazo lusófono africano (UNTG de Guiné-Bissau), Latinoamérica (CRISOL de Bolivia, CGT de Colombia, CTC de Cuba, CAT de Perú) e o Mediterráneo (WAC de Israel). Outras dúas organizacións non pertencentes a estas áreas preferentes teñen sido tamén obxecto de actividades de cooperación pola nosa parte: a FNSCh de China e a UGTSARIO da RASD (República Árabe Saharauí Democrática).

As organizacións beneficiadas pertencen a todos os encadramentos organizativos internacionais: na FSM (Federación Sindical Mundial), CTC⁽⁵⁶⁾; na CSI (Confederación Sindical Internacional), UNTG⁽⁵⁷⁾, CGT⁽⁵⁸⁾, CAT⁽⁵⁹⁾ e non afiliados (CRISOL/COB)⁽⁶⁰⁾, WAC⁽⁶¹⁾, FNSCh⁽⁶²⁾ e UGTSARIO⁽⁶³⁾.

O contido das actividades de cooperación nas que a CIG participa está, ata o de agora, encadrado en dúas áreas específicas: formación e dotación material. No primeiro aspecto destaca a formación de carácter sindical que ano tras ano, desde hai unha década, se ven impartindo a delegacións das unións sindicais de diferentes provincias chinesas, con especial atención á de Zehjiang. A estrutura sindical en Europa, a lexislación laboral do Estado español, os organismos bipartitos e tripartitos con presenza sindical, a organización territorial e sindical da CIG e o seu pensamento sindical... son algúns dos temas tratados nos seminarios.

Tamén carácter formativo tiñan os planos de cooperación que a CIG desenvolveu co WAC en Israel (dirixido á mulleres árabe israelís), con CRISOL/COB en Bolivia e a CAT en Perú (centrados na formación sindical de mulleres traballadoras da economía informal na zona andina).

A outra área na que a CIG está a centrar a actividade de cooperación ten a ver coas necesidades materiais das organizacións sindicais e, máis en concreto, coas deficiencias de subministro enerxético ás sedes nacionais das centrais sindicais. As actuacións realizadas consistiron en garantir o fluído eléctrico permanente e de cali-

(56) CTC, Central de Trabajadores de Cuba.

(57) UNTG, União Nacional dos Trabalhadores de Guiné, é a principal central sindical da Guiné-Bissau. Cando dos plano de cooperación CIG-UNTG estaba afiliada na CIOSL.

(58) CGT, Confederación General del Trabajo, unha das tres centrais sindicais existentes en Colombia. Por aquel entón estaba afiliada na CLAT (Central Latinoamericana de Trabajadores), organización rexional da CMT.

(59) CAT, Central Autónoma de Trabajadores, unha das catro centrais sindicais que hai no Perú. Por aquel entón estaba afiliada na CLAT (Central Latinoamericana de Trabajadores), organización rexional da CMT.

(60) CRISOL, Corriente Renovadora Independiente y Solidaria, é unha corrente dentro da COB-Central Obrera Boliviana, única central sindical deste país. A COB non ten afiliación internacional.

(61) WAC, siglas en inglés do Centro Asesor de Trabajadores, é un xermolo sindical alternativo á central sindical única israelí Nova Histadrut. A súa actividade está centrada na poboación árabe israelí.

(62) FNSCh, Federación Nacional de Sindicatos de China. É, con diferenza, a central sindical do mundo con máis afiliación.

(63) UGTSARIO, Unión General de Trabajadores de Saguia el Hamra y Río de Oro, é a central sindical que agrupa aos traballadores e traballadoras saharauís dos campamentos de refuxiados en Tinduf (Alxeria).

dade mediante a instalación dun sistema de subministro eléctrico mediante enerxía solar fotovoltaica. A primeira intervención deste tipo realizouse en Bissau, na sede central da UNTG; a segunda instalación púxose en funcionamento n' A Habana, coa sede central da CTC como lugar de emprazamento, sendo no seu momento a maior instalación de enerxía solar de toda Cuba. As dúas actuacións realizadas tiveron un impacto social de extraordinario alcance que sobordaron con moito o contido estritamente sindical.

A terceira actuación deste tipo tivo un carácter especial, apartándose dos parámetros exclusivamente sindicais de todas as demais. Trátase dunha instalación mixta fotovoltaica-eólica, finalizada en abril deste ano, no hospital rexional do campamento de refuxiados saharauís de Smara, no deserto alxeriano. As condicións extremadamente difíciles nas que viven os miles de refuxiados e o apoio á loita do Pobo Saharauí están na raíz desta actividade de cooperación que, excepcionalmente e aínda tendo como parceiro local a unha organización sindical, se aparta do noso xeito de proceder.

Hai que salientar que tanto en Bissau como no Sáhara, os planos de cooperación executados contemplaron tamén a capacitación de grupos de xoves guineanos e saharauís na montaxe, mantemento e reparación de sistemas de enerxías renovábeis.

A capacidade económica da confederación non lle permite, na actualidade, facerse cargo da totalidade dos gastos xerados polas actividades de cooperación. É por iso que a CIG ven participando nas convocatorias públicas anuais do goberno da Comunidade Autónoma de Galiza destinadas a subvencionar actividades de cooperación para o desenvolvemento e, máis recentemente, nas convocatorias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade⁽⁶⁴⁾.

A partir do ano 2009, estará operativa unha Fundación⁽⁶⁵⁾ promovida pola CIG co obxectivo de canalizar a través dela todas as actividades relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento.

*Xesús Ramón González Boán é director do Departamento de
Internacional da CIG.*

(64) O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (<http://www.fondogalego.org/>) está integrado por numerosos entes da Administración local de Galiza, Deputacións e Concellos, que suman e poñen en común a totalidade, ou unha parte, dos recursos económicos que destinan a cooperación.

(65) A creación da Fundación Solidariedade Sindical Galega foi aprobada a principios deste ano polos organismos de dirección da CIG.